

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

2510 *Real decreto 169/2009, do 13 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de provisión de postos de traballo da Dirección Xeral da Policía, aprobado polo Real decreto 997/1989, do 28 de xullo, en materia de promoción interna.*

O Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, consigna, no seu artigo 16, entre os dereitos recoñecidos aos empregados públicos, o da carreira profesional, e recolle como unha das modalidades do citado dereito a promoción interna, ao tempo que sinala, no seu artigo 18, que as administracións públicas adoptarán aquelas medidas que incentiven a participación nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.

Nese contexto cabe enmarcar o contido do artigo 78 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que os funcionarios que accedan a outros corpos e escalas pola quenda de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos vacantes da respectiva convocatoria sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

Así as cousas, parece lóxico que a promoción interna no Corpo Nacional de Policía responda tamén a similares criterios de motivación, no sentido de incentivar, no seu ámbito, a promoción interna e o desenvolvemento da carreira profesional, o que require levar a cabo as oportunas modificacións no actual Regulamento de provisión de postos de traballo da Dirección Xeral da Policía, aprobado polo Real decreto 997/1989, do 27 de xullo, introducindo as previsións correspondentes para tal efecto.

Por outra parte, de acordo co disposto no artigo 25.2.e) da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, o texto recibiu informe favorable do Consello de Policía.

En consecuencia, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros, na súa reunión do día 13 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de provisión de postos de traballo da Dirección Xeral da Policía, aprobado polo Real decreto 997/1989, do 28 de xullo.*

Engádesse un segundo parágrafo ao punto segundo do artigo 16 do Regulamento de provisión de postos de traballo da Dirección Xeral da Policía, aprobado polo Real decreto 997/1989, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Os funcionarios procedentes de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos de traballo vacantes ofertados tras a finalización do proceso selectivo e de promoción correspondente, sobre os aspirantes que non procedan da devandita quenda.»

Disposición transitoria única. *Aplicación aos procesos selectivos en curso.*

As previsións contidas neste real decreto serán tamén de aplicación a aqueles procedementos para a provisión de postos de traballo dirixidos a funcionarios incursos en procesos selectivos de ingreso e promoción interna convocados con anterioridade á entrada en vigor desta norma.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA